



Expediente 7103/2016

**Sesión Extraordinaria número 15 celebrada polo Pleno do Concello o día  
18 de outubro de 2016**

**ORDE DO DÍA**

1. Proposta modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Concello de Redondela.
2. Renuncia ao seu posto de concelleira de Leticia Gonzalez Guisande.

No salón de sesións da Casa do Concello, sendo as 08:30 horas do 18 de outubro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María del Carmen Amoedo Dasilva, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Leonardo Cabaleiro Couñago, Digna Rosa Rivas Gómez, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Non asiste o concelleiro, Ricardo Figueroa Rodríguez.

Tamén asistiu a interventora accidental do Concello, Maria Emilia Garcia Maneiro; actuando como secretaria, a secretaria xeral da corporación, Ana Begonia Merino Gil.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

**1.-Proposta modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens  
inmobles no Concello de Redondela.**

**ANTECEDENTES:**

Vista a Proposta do Presidente da Comisión informativa de Economía e Facenda de data 10/10/2016 que se transcribe a continuación:

“Unha das manifestacións máis democráticas existentes nas leis que nós outorgamos é a de que as prestacións patrimoniais que deban ser soportadas polos cidadáns para o financiamento das súas Administracións Públicas sexan aceptadas, aprobadas e reguladas por nós mesmos, a través dos nosos representantes.

Á súa vez, as Administracións Públicas teñen como única finalidade a satisfacción do

---

**Concello de Redondela**

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



interese xeral. O cumprimento desta satisfacción realízase, principalmente, e entre outras medidas, a través da prestación de servizos. A partir deste punto, para a prestación de servizos, o concello debe contar con recursos para poder afronta-la prestación destes servizos.

A súa vez, o Concello dende fai anos está asumindo unha serie de gastos correntes para o mantemento do centro de saúde de Chapela.

No ano 2009, o Concello e Xunta asinaron un convenio para establecer as bases para a cesión da propiedade do centro de saúde de Chapela por parte deste Concello á Xunta. Entre outros compromisos, constaba o de aprobar unha exención a favor dos centros sanitarios de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde no imposto sobre bens inmobles, de conformidade co previsto no artigo 62.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Dito compromiso foi refrendado polo Pleno deste Concello o día 25 de outubro de 2012 por unanimidade.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Facenda:

**Primeiro.-** A aprobación da modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles no Concello de Redondela e que suporá a inclusión dun novo punto no artigo terceiro da ordenanza. Así:

Onde agora o artigo 3 di:

*“Ademais dos bens inmobles indicados no artigo 61.1 e 61.2 da LRFL e, ao abeiro do disposto no artigo 62.4 da LRFL, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:*

- a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, sexa inferior a 6,00 euros.*
- b) Os de natureza rústica no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior a 6,00 euros.”*

Proponse a súa modificación nos seguintes termos:

*“1. Ademais dos bens inmobles indicados no artigo 62.1 e 62.2 do TRLRFL e, ao abeiro do disposto no artigo 62.4 da TRLRFL, estarán exentos, por criterios de eficiencia e economía na xestión recadatoria do tributo, os seguintes inmobles:*

- a) Os de natureza urbana, sempre que a cota líquida, sexa inferior a 6,00 euros.*
- b) Os de natureza rústica no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no municipio sexa inferior a 6,00 euros.*

*2. Establécese unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros*

*Para disfrutar desta exención, será preciso solicitala, acompañando certificado expedido pola Consellería de Sanidade acreditativo de que os bens están afectos ao cumprimento dos fins do centro.*

*Esta exención manterase no tempo, quedando obrigada a entidade pública competente a comunicar calquera modificación que afecte ás circunstancias que motivaron a concesión da mesma.”*



**Segundo.-** Expoñer ao público o expediente administrativo referido á modificación da ordenanza fiscal citada durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados, debidamente lexitimados, poderán examinar o expediente administrativo e presentar por escrito as reclamacións que estimen oportunas.

Rematado o período de exposición ao público adoptaranse, polo Concello Pleno, os acordos definitivos que procedan resolvendo as reclamacións no seu caso presentadas e aprobando a redacción definitiva da modificación da ordenanza fiscal. Se non fora presentada ningunha reclamación no prazo citado entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisorio, sen necesidade de novo acordo plenario.

**Terceiro.-** Autorizar ós Servizos correspondentes, para unha vez aprobada definitivamente esta modificación proposta, se proceda á inclusión da devandita Ordenanza Fiscal.

**Cuarto.-** Facultar ó Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo tódolos trámites necesarios para a consecución deste fin.”

#### VOTACION E ACORDO.

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

## **2. Renuncia ao seu posto de concelleiro de Leticia Gonzalez Guisande.**

Visto o escrito presentado con rexistro de entrada o día 14 de outubro de 2016, 2016-E-RC-15479 pola concelleira do grupo municipal PSdG-PSOE Leticia Gonzalez Guisande, renunciando á súa condición de concelleira da corporación municipal en toma de posesión no pleno constitutivo de 13.06.2015, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral do PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA (PSdeG-PSOE), ISAAC BORJA ARAÚJO FIGUEROA.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 08:40 horas da do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-